

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

Curso 2021-22

IES do CAMIÑO

(4 de abril de 2022)

Tendo en conta a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza*; cabe facer as correccións que seguen á programación de Cultura Clásica, Latín 4º de ESO e Latín 1º de BAC. no concenrente á avaliación do alumnado.

ESO

Cultura Clásica e Latín

A novidade máis importante nesta etapa é a **supresión da avaliación extraordinaria** que ata o de agora se viña facendo a primeiros do mes de setembro. E, posto que non hai avaliación extraordinaria e a avaliación 3ª parcial será despois do 6 de xuño e a final a partir do 23, corresponde facer as seguintes apreciacións e correccións á programación de principio de curso.

1. Quen non supere a 3ª avaliación, seguirá un plan de reforzo e recuperación consistente nun traballo de revisión e asentamento de cada un dos contidos e estándares obxecto de aprendizaxe nesta 3ª avaliación, co obxecto de que acade unha nota positiva na avaliación final ordinaria.
2. O alumno coa 1ª e 2ª avaliacións suspensas, dado que se incorporou ao noso centro xa nelas avaliado, levará a cabo traballos de recuperación e afondamento sobre os contidos vistos nelas nese período de tempo entre o 6 e o 22 de xuño. Coa avaliación positiva deses traballos daránselle por superadas.
3. Na programación de principio de curso reza o seguinte:
 - a. *A nota resultante dos instrumentos de avaliación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións consistirá no 80% da nota total.*
 - b. *O 20% restante será tendo en conta o comportamento, o interese amosado e a actitude do/a alumno/a; valorado no día a día e do que será informado o/a alumno/a en cada momento.*
4. No tempo que vai dende a 3ª avaliación parcial ata a avaliación final, o alumnado que teña xa as tres avaliacións parciais aprobadas poderá redondear a súa nota á alza ata un punto como máximo, ao ser avaliado polo traballo desenvolvido durante eses días.
5. O traballo neses días, dende a 3ª avaliación ata a final ordinaria, para o alumnado coas tres avaliacións aprobadas, consistirá nun afondamento de contidos xa vistos por medio de documentais ou películas das que se lles pedirá explicación de aspectos tratados nos contidos do curso por escrito ou oralmente.

BACHARELATO

Latín I

Neste curso a **avaliación extraordinaria**, que ata o de agora se viña facendo a primeiros do mes de setembro, levarase a cabo a partir do día 23 de xuño, e a 3ª e final ordinaria a partir do 6 de xuño. Corresponde facer as seguintes apreciacións e correccións á programación de principio de curso.

1.- O alumnado que non supere a 3ª avaliación e con ela a avaliación final ordinaria, posto que quen supere esa 3ª avaliación superará tamén a final ordinaria (así se establece na programación), terá que presentarse a unha proba extraordinaria que se levará a cabo entre o día 20 e o 22 de xuño. De superar a devandita proba, superará e aprobará a materia na avaliación extraordinaria.

2.- O alumnado que non aprobe na avaliación ordinaria seguirá un plan de reforzo e recuperación, nos días que medien entre esta e a data da avaliación extraordinaria, consistente nun traballo de revisión, asentamento e repaso de cada un dos contidos e estándares obxecto de aprendizaxe durante o curso e especialmente desta 3ª avaliación, co obxecto de que acade unha nota positiva na avaliación final extraordinaria.

3.- O alumnado que aprobe na avaliación ordinaria, neses días e ata o remate das clases, seguirá asentando e ampliando os coñecementos acadados durante o curso e serviralle ao mesmo tempo de repaso e ampliación de base de cara ao próximo curso.

4.- Na programación de principio de curso reza o seguinte:

a) A nota resultante dos instrumentos de avaliación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións consistirá no 80% da nota total.

b) O 20% restante será tendo en conta o comportamento, o interese amosado e a actitude do/a alumno/a; valorado no día a día e do que será informado o/a alumno/a en cada momento.

Palas de Rei a 4 de abril de 2022.

O xefe de departamento

Asdo.: Fernando García Penas